

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**10458** *Real decreto 727/2011, do 20 de maio, polo que se modifica o Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.*

O Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, establece o réxime de movemento dos animais das especies bovina, ovina e cabrúa, en función do resultado da execución dos ditos programas. Con obxecto de clarificar determinados aspectos deste réxime de movementos, é preciso eliminar a figura da explotación de preceba e especificar os criterios para o movemento desde explotacións de ceba ou cebadeiro, o que fai necesario modificar parcialmente os artigos 3, 17, 22 e 42, e o anexo 6.

Así mesmo, o Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, establece na súa disposición transitoria cuarta, modificada mediante Real decreto 908/2008, do 30 de maio, o prazo máximo e as condicións en que se poderá autorizar, cando a situación epidemiolóxica da enfermidade valorada en cada rexión así o aconselle, a vacinación contra a brucelose bovina de femias, en determinadas áreas ou explotacións, coa vacina RB-51 respecto da infección con *Brucella abortus*, ou coa vacina REV-1 respecto da infección con *Brucella melitensis*.

En uso da dita posibilidade, a Xunta de Extremadura e a Xunta de Castilla y León estableceron programas de vacinas obrigatorios coa mencionada vacina RB-51, de forma que, iniciada esta, se debe prever unha ampliación do prazo máximo previsto na dita disposición transitoria que permita establecer as necesarias revacunacións ou novas vacinacións en zonas de actuación onde a situación epidemiolóxica e o Programa nacional de erradicación da brucelose bovina así o aconsellen. Así mesmo, o Programa nacional de erradicación da brucelose bovina para 2011, aprobado mediante a Decisión 2010/712/UE da Comisión, do 23 de novembro de 2010, pola que se aproban os programas anuais e plurianuais e a contribución financeira da Unión para a erradicación, o control e a vixilancia de determinadas enfermidades dos animais e zoonoses, presentados polos Estados membros para 2011 e anos sucesivos, prevé no seu anexo II a relación de comarcas ou unidades veterinarias locais das dúas comunidades autónomas referidas onde se aplicará o programa especial de vacinación con RB-51. Dado o carácter plurianual do referido programa de vacinación (mínimo cinco anos), as previsións de vacinación con RB-51 esténdense ao ano 2014. Por iso, a norma básica debe modificarse para ampliar ata o 31 de decembro de 2014 a posibilidade de uso da dita vacina, o que permitirá, de forma adicional, que se outras comunidades autónomas deciden a súa aplicación, dispoñan do período suficiente para que sexa eficaz.

Dentro do dito marco, dado que na actualidade se conta cunha ampla experiencia en canto ao uso da vacina RB-51 en España, convén suprimir a alínea i) da disposición transitoria cuarta co fin de equiparar os movementos das explotacións vacinadas, dentro do territorio nacional, ao resto de explotacións cualificadas ou en fase de cualificación como B3.

Así mesmo, unha vez que xa non é de aplicación a disposición transitoria quinta, convén modificala para prever o necesario réxime de adaptación á nova situación, para as explotacións de preceba de gando bovino non cualificadas.

Adicionalmente, é preciso modificar o anexo 3, ao autorizar a Unión Europea un novo método para a detección da leucose enzoótica bovina. Sen prexuízo da directa aplicación da decisión comunitaria aprobada para o efecto, por seguridade xurídica considérase preciso facer mención a ela no citado anexo.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na tramitación desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de maio de 2011,

#### DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.*

O Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, modifícase nos seguintes termos:

Un. A epígrafe G) do artigo 3 substitúese pola seguinte e suprímese a súa epígrafe H).

«G) Explotación de ceba ou cebadeiro: aquela que está dedicada á engorda de animais da especie bovina, ou das especies ovina ou cabrúa, e cuxo destino directo posterior só pode ser outra ou outras explotacións de ceba ou centros de concentración ou un matadoiro, sempre que a explotación de ceba de orixe estea cualificada, ou exclusiva e directamente o matadoiro, se non está cualificada.

Serán explotacións de ceba cualificadas aquelas de gando bovino con estatuto de oficialmente indemnes de brucelose bovina, oficialmente indemnes de tuberculose bovina e oficialmente indemnes de leucose enzoótica bovina, ou de gando ovino ou cabrún indemnes ou oficialmente indemnes de brucelose, de acordo co previsto no anexo 6.

Nas mesmas instalacións da mesma explotación de ceba non se poderán mesturar animais da especie bovina con animais das especies ovina e/ou cabrúa.»

Dous. O punto 4 do artigo 17 substitúese polo seguinte:

«4. Cando por petición de parte se realicen probas de control en animais procedentes de explotacións de ceba ou cebadeiros con destino a sacrificio, e como resultado diso se diagnostiquen animais con resultados desfavorables, será obrigatorio o seu sacrificio aínda que non serán indemnizados por iso.»

Tres. O punto 4 do artigo 22 substitúese polo seguinte e suprímese o seu punto 6:

«4. Os órganos competentes das comunidades autónomas adoptarán as medidas necesarias para que se leven a cabo unicamente os seguintes movementos de animais con destino a cebadeiros, e quedarán prohibidos o resto de movementos:

a) Os animais procedentes de explotacións do tipo  $B_4$ , sempre que ademais sexan do tipo  $T_3$ , e oficialmente indemnes de leucose enzoótica bovina, poderán ter como destino calquera cebadeiro, con independencia da súa cualificación.

b) Os animais procedentes de explotacións do tipo  $B_4$ , sempre que ademais sexan do tipo  $T_2$  negativo, e oficialmente indemnes de leucose enzoótica bovina, poderán ter como destino só cebadeiros non cualificados.

c) Os animais procedentes de explotacións do tipo  $B_3$ , sempre que ademais sexan do tipo  $T_3$  ou  $T_2$  negativo, e oficialmente indemnes de leucose enzoótica bovina, poderán ter como destino só cebadeiros non cualificados.

d) Os animais procedentes de explotacións do tipo  $B_2$  negativas, que ademais sexan do tipo  $T_3$  ou  $T_2$  negativas, poderán ter como destino só cebadeiros non cualificados.»

Catro. O punto 4 do artigo 42 substitúese polo seguinte:

«4. Os órganos competentes das comunidades autónomas adoptarán as medidas necesarias para que se leven a cabo unicamente os seguintes movementos directos de animais con destino a explotacións de ceba ou cebadeiros, ou entre estes:

a) Os animais procedentes de explotacións de tipo  $M_4$  ou  $M_3$  poderán ter como destino calquera explotación de ceba ou cebadeiro, e os de explotacións do tipo  $M_2$  negativas só explotacións de ceba ou cebadeiros non cualificados.

b) No entanto, os animais procedentes dunha explotación cualificada como  $M_3$  ou dun cebadeiro cualificado como indemne de brucelose, só poderá ter como destino outra explotación de ceba ou cebadeiro cualificado como oficialmente indemne de brucelose sempre que non estivesen nunca vacinados contra a brucelose ou, se o estiveron, que fose máis de dous anos antes.»

Cinco. Modifícase o título da disposición adicional única.

«Disposición adicional primeira. *Carácter básico.*»

Seis. Engádese unha nova disposición adicional segunda, co seguinte contido:

«Disposición adicional segunda. *Aplicabilidade dos programas nacionais.*

Sen prexuízo do previsto nesta norma, será de aplicación o contido dos programas nacionais de erradicación da brucelose bovina, tuberculose bovina e brucelose ovina e cabrúa, aprobados anualmente a nivel nacional polo Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, e no ámbito da Unión Europea mediante decisión comunitaria para o seu cofinanciamento, e aos cales se dará publicidade mediante resolución da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros e a través da páxina web do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.»

Sete. O punto 1 da disposición transitoria cuarta substitúese polo seguinte, e suprímese o seu punto 3.i).

«1. Sen prexuízo do disposto no punto 1 do artigo 14, ata o 31 de decembro de 2014 poderá autorizarse, como excepción no referente á brucelose bovina, cando a situación epidemiolóxica da enfermidade valorada en cada rexión así o aconselle, a vacinación de femias, en determinadas áreas ou explotacións, coa vacina RB-51 respecto da infección con *Brucella abortus*, ou coa vacina REV-1 respecto da infección con *Brucella melitensis*.»

Oito. A disposición transitoria quinta substitúese pola seguinte:

«Disposición transitoria quinta. *Explotacións de preceba de gando bovino non cualificadas.*

Malia o establecido neste real decreto, as explotacións de preceba de gando bovino non cualificadas definidas no Real decreto 51/2004, do 19 de xaneiro, polo que se modifica este real decreto, e que viñan operando como tales ata a entrada en vigor deste real decreto, poderán enviar transitoriamente, ata o 31 de outubro de 2011, animais de idade inferior a oito meses cara a explotacións de ceba non cualificadas, para o cal será necesaria a realización, no caso de animais da especie bovina maiores de seis semanas, de probas de diagnóstico de tuberculose nos trinta días anteriores ao da realización do movemento, con resultado negativo.»

Nove. O anexo 3 substitúese polo seguinte:

## «ANEXO 3

### Diagnóstico de leucose bovina enzoótica

1. A detección da leucose enzoótica bovina realizarase mediante as probas previstas na Decisión 2009/976/UE da Comisión, do 15 de decembro de 2009, pola que se modifica o anexo D da Directiva 64/432/CEE do Consello no relativo ás probas de diagnóstico da leucose enzoótica bovina.

2. O Laboratorio Central de Sanidade Animal situado en Algete (Madrid), do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, é o designado como laboratorio nacional de referencia para a leucose enzoótica bovina.»

Dez. O anexo 6 substitúese polo seguinte:

## «ANEXO 6

### Cualificación sanitaria de explotacións de cebadeiros

Todas as probas se realizarán por solicitude do titular do cebadeiro, e será pola súa conta o custo da súa realización.

A obtención, mantemento, suspensión, recuperación ou retirada do estatuto de cebadeiro cualificado rexerase polo disposto nos puntos I e II do anexo I do Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, para o gando vacún, e no capítulo I ou o capítulo II do anexo A do Real decreto 2121/1993, do 3 de decembro, para o ovino ou cabrún, coas seguintes especialidades:

a) Para a obtención do título, no gando vacún será preciso que a explotación se compoña exclusivamente con animais procedentes de rabaños oficialmente indemnes de tuberculose, oficialmente indemnes de brucelose e oficialmente indemnes de leucose enzoótica bovina, e que tras a súa composición se realizasen as probas previstas no citado anexo I do Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, con resultado favorable.

b) Para o mantemento do título, as probas efectuadas para a obtención do título terán unha validez dun ano para os efectos da realización das probas anuais exixidas dentro dos programas nacionais de erradicación da tuberculose e a brucelose bovina, ou da brucelose ovina e cabrúa, que se executan na comunidade autónoma correspondente.»

### **Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de maio de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
e Medio Rural e Mariño,  
ROSA AGUILAR RIVERO